

O SANTUARIO MARIANO DE TARNAS (CERVANTES) (LUGO)

AUTOR. D. JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. O SANTUARIO MARIANO DE TARNAS (CERVANTES) (LUGO)

1. RESUMO.

Neste artigo, que trata sobre o Santuario de Tarnas (Cervantes), fago unha análise breve dunha serie de elementos: a súa localización; algunhas peculiaridades artísticas; a festividade da Virxe dos Remedios e as lendas, ligadas a este centro sacro; a devoción popular, que irradia, reflectida nos rituais e ofrendas por parte dos devotos; e algunhas consideracións antropolóxicas.

2. INTRODUCCIÓN.

A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos especiais. Cada comunidade vive e manifesta a fe dun xeito propio. Unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e manifesta o seu sentir. É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. Para comprendela cómpre ter en conta o pasado; o que na actualidade lle rodea; os trazos do lugar; o estilo das persoas; como viviron o cristianismo; que é o que herdaron dos séculos pasados; que é o que cada unha das xeracións recibiu e aportou. Polo tanto, é popular o que o pobo crea mais tamén o que recibe, asimila e fai propio. Unha das manifestacións da relixiosidade popular radica nos santuarios.

O santuario é un espazo de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial (FOTO 1). A el van devotos da propia parroquia, na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos remotas segundo o grao de influencia que exerza o lugar sacro. *«El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local»*¹. Cando os romeiros non pertencen á parroquia o máis habitual é que veñan o día ou días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada por algunha advocación de Cristo; de María; ou dalgún santo-a. *« El santuario es un templo en el que se venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo*

¹ CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago, 1982, páx. 6.

*de especial devoción»*². Estes adoitan acudir ben dun xeito individual ou colectivo para suplicar á divindade a súa mediación ante unha serie de rogativas de índole material (sandar , obter boas colleitas, rogo polos recién nados...) e, algunhas –as menos– de carácter espiritual; tamén veñen para cumprir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións requiridas. *«Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva»*³.

3. O SANTUARIO DE TARNAS (CERVANTES).

3.1. LOCALIZACIÓN.

O santuario, dedicado á advocación mariana dos Remedios, está emprazado nunha entidade de poboación, nomeada Tarnas, que está situada no cume dunha montaña dos Ancares. As súas coordenadas de localización son: **(FOTO 2)**

42 gr. 52' 58'' N. 7 gr. 03' 54'' W.

Esta entidade posúe unha poboación de 14 habitantes⁴ e pertence á parroquia de San Martín da Ribeira, que abrangue unha superficie de 13,12 km².⁵ Os seus lindes son: ao Norte e Leste, o municipio de Navia de Suarna; ao W, o municipio de Becerreá; e ao Sur, as parroquias de San Román de Cervantes e Santa María do Castro⁶.

Ademais, esta parroquia forma parte do municipio de Cervantes, situado na parte oriental da provincia de Lugo. Ten unha poboación de 1187 habitantes⁷, distribuída en 21 parroquias, que ocupan unha superficie de 277,6 km²⁸.

Así mesmo, o municipio cervantego está integrado na comarca dos Ancares, que ocupa unha extensión de 1049,96 km² na que viven 9161 habitantes⁹ repartidos nos municipios

² MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 13.

³ PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, *en la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

⁴ Segundo o I.N.E. do ano 2024.

⁵ EQUIPO “IR INDO”: *Galicia en comarcas. Os Ancares e O Courel*, nº 2, Vigo: Ir Indo, La Voz de Galicia, 2005, páx. 105.

⁶ Ambas as dúas parroquias pertencen ao municipio de Cervantes.

⁷ Segundo o I.N.E. do ano 2024.


⁸ EQUIPO “IR INDO”.: *Ob. cit.*, páx. 105.

⁹ Segundo o I.N.E. do ano 2024.

de As Nogais, Baralla, Becerreá, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, e o actual Cervantes.

Dende unha óptica eclesiástica, Tarnas é un lugar da freguesía de San Martiño da Ribeira, que forma parte do arciprestado de Cervantes e da diocese de Lugo. Ao santuario accédese a través dunha estrada local, que parte da capital do municipio (San Román), distante uns 4 km.


3.2. MAPAS DE LOCALIZACIÓN¹⁰



LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DE CERVANTES NA PROVINCIA DE LUGO

¹⁰ FIGUEROA, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). É o autor dos mapas de localización.

LOCALIZACIÓN DA PARROQUIA DE SAN MARTÍN DA RIBEIRA NO CONCELLO DO CERVANTES



3.3. OS TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

Dende unha óptica artística, cómpre distinguir catro niveis:

* Nivel inferior. O acceso ao santuario.

Caracterízase por ter catro chanzos de cachotería e cemento, e dúas varandas, situadas en ambos os dous flancos; estas permiten aos devotos subir con comodidade ata o exterior da capela.

* Nivel exterior. O pórtico.

Logo da subida, os devotos/as entran nunha estrutura cuadrangular con soportal, sostida por catro piares, colocados en ambos os dous lados e revestidos de cemento. Na parte superior do pórtico, hai dúas portas de entrada, situadas en ambos dous laterais; estas serven para que os devotos poidan ingresar no interior da capela. **(FOTO 3)**

* Nivel interior. O interior da capela.

O espazo interior, tamén cuadrangular, é de dimensións reducidas. A parte central da cabeceira está rexida por unha imaxe da Virxe dos Remedios, situada no interior dun arco de medio punto de madeira; esta amosa unha coroa na cabeza e porta ao Neno nos seus brazos; ademais, externamente, vai vestida cun manto de cor marrón. En ambos os dous lados da representación mariana hai unha dobre repisa de madeira, que se prolonga polas paredes laterais da capela; estas están ornamentadas por un bo número de flores artificiais, depositadas en floreiros. Ademais, en ambas as dúas paredes laterais, hai dúas fiestras, que comunican o interior da capela co exterior. Finalmente, case acaroada á cabeceira hai un ara, lugar de celebración dos actos litúrxicos por parte do párroco. **(FOTO 4)**

* Nivel superior.

O santuario amosa unha espadana, de cemento, cun campanil no seu interior; ademais, na parte superior presenta unha cruz metálica. Por outra banda, a súa cuberta exterior, de lousa, é de tres augas.

3.4. A FESTIVIDADE E LENDAS.

O 20 de maio conmemórase a festividade desta advocación mariana. *“Su fiesta es el 20 de Maio, acuden muchos ofrecidos”*¹¹. Acoden a venerala devotos non só de parroquias do concello cervantego, senón tamén de concellos limítrofes, como Becerreá e Pedrafita do Cebreiro preferentemente. Ademais, hai algúns emigrantes desta comunidade parroquial na provincia de Barcelona, que adoitan acudir neste día a renderlle culto á Virxe dos Remedios. *“Entre las celebraciones festivas más relevantes destaca la que se lleva a cabo en el santuario de A Virxe de Tarnas, donde cada 20 de mayo se celebra una concurrida y antigua romería con peregrinación”*¹².

Por outra banda, calquera centro romeiro perpetua e amplía a súa fama mediante relatos orais, que circulan entre os devotos. E, así, sobre este centro de devoción aínda hai veciños da comunidade, que relatan dous feitos portentosos, que lle deron fama milagreira á advocación mariana.

1º. Dícese: *“que unha muller, chamada Laura, tivo que casar cun home ao que non quería, xa que foi obrigada polos seus pais. Unha noite, posiblemente debido aos malos tratos, que lle daba o seu marido?, escapou da casa familiar, e colleu o camiño da casa dos seus pais. Polo camiño chovía e nevaba o que deu lugar a que ela, xa doente, perdese a vista. O seu pai, que tiña catro bois, ofreceu o diñeiro de dous, se a Virxe devolvía a vista á súa filla. Pois ben, o 20 de maio, Laura acudiu ofrecida aos Remedios e, cando comezou a ver o santuario –posiblemente ao chegar a “Ponte de Muiñovo”– recuperou a vista. O seu pai cumpriu coa ofrenda e a súa filla puido casar co home que quería”*¹³. Esta lenda xorde debido a un feito transcendental acaecido no século XIX.

*“Desde tiempo inmemorial se venera a Nuestra Señora de Tarnas; se habla de hechos milagrosos atribuídos a su intercesión, el más famoso es la curación de una mujer ciega sobre el siglo XIX”*¹⁴.

2º. Tamén se comenta *“que hai moitos anos o párroco de San Martín da Ribeira, aproveitando a noite, decidiu trasladar a imaxe mariana ata a igrexa de San Martín, xa que esta entidade de poboación tiña máis accesos e máis posibilidades de cara aos devotos da Virxe. Non obstante, este traslado ocasionou graves prexuízos en todo o*

¹¹ MOURE, Xabier: [https:// patrimonio galego.net](https://patrimonio.galego.net).

¹² DOVAL ADÁN, Antonio.: “Cervantes”, en *Galicia, pueblo a pueblo*. Coord. Andrés Precado Ledo. La Voz de Galicia. Xunta de Galicia. 1993. Santiago de Compostela, páx. 368.

¹³ Interpretación do dito por un informante de Tarnas (A Ribeira) (Cervantes)

¹⁴ Maribel.: Enciclopedia Mecabá. [https:// mercaba.org](https://mercaba.org).

contorno, xa que todos os anos caían nesta data intensas treboadas. Por tal motivo, cando o párroco marchou da parroquia, díxolle ao novo que a imaxe da Virxe tiña que voltar ao seu lugar de orixe. Cando o crego o dispuxo, os veciños de Tarnas levaron a imaxe mariana en procesión á súa antiga localización, mais á luz do día, sen nocturnidade –como acaecera co traslado¹⁵. (FOTO 5)

3.5. A DEVOCIÓN POPULAR.

Os romeiros veñen suplicantes para que a Virxe lles conceda algunha petición ligada con doenzas humanas e animais, con nacementos, e casamentos. Tamén acoden logo de que o rogo sexa atendido, cumprindo cunha serie de rituais e ofrendas.

O 20 de maio algúns devotos aínda veñen andando dende cadanseu lugar de orixe, como sacrificio previo denantes de entrar en contacto có sagrado. Noutroora, ao chegaren a “Ponte de Muinovo”, subían de xeonllos ata o santuario e levaban a cabo procesións individuais ó redor da capela. *“Algúns devotos levan a cabo procesións individuais ao redor da capela, de xeonllos ou camiñando”¹⁶*. Logo, oen unha das misas que se celebran desde as 9 da mañá ata as 13 horas, que é cando o párroco e algúns cregos de parroquias limítrofes concelebran a misa solemne ¹⁷. Ao rematar a misa solemne, participan na procesión, que percorre o perímetro da capela (**FOTO 6**). A súa disposición presenta a seguinte orde: a cruz parroquial, levada por un fregués da comunidade parroquial; a imaxe mariana, portada por catro mulleres devotas da Virxe; como remate, os cregos concelebrantes e máis os fieis colocados sen distinción de idade e sexo. Hai anos ían ofrecidos, de xeonllos, por baixo das andas da Virxe, mais esta práctica desapareceu nos últimos tempos. Así mesmo, no interior da capela os romeiros pasan diante da advocación mariana, situada no interior dun arco de medio punto de madeira, e tocan coas súas mans e panos o manto da Virxe, ou fanlle unha inclinación de cabeza. (**FOTO 7**)

A relixiosidade popular ten, ademais dunha dimensión práctica, un compoñente de pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sacro ou para compensalo polo favor recibido. Por iso é común que se depositen diversas ofrendas durante esta romaría. Unha moi xeral é a de cera. Os devotos achegan “velóns”

¹⁵ Interpretación do dito por un informante de Tarnas (A Ribeira) (Cervantes

¹⁶ MOURE SALGADO, Xabier e CARPENTE LEIRA, Pilar.: Cervantes, un concello con historia, Lugo: Deputación de Lugo, 2019, páxs, 140 e 344.

¹⁷ No ano 2013, o párroco concelebrou a misa solemne cun crego dunha parroquia limítrofe.

—cirios pequenos— que deixan acesos na parte superior dereita da capela. **(FOTO 8)**. Outra ofrenda son as esmolas en metálico depositadas nos petos, especialmente no intre de pasar diante da advocación mariana. Tamén ofrecen misas. **(FOTO 9)**. No ano 2013 houbo unhas cincuenta misas ofrecidas, polas que os devotos tiveron que pagar dez euros por cada unha. Finalmente, tamén traen ramos de flores, que adoitan depositar no interior da capela, moi ornamentada por este tipo de ofrenda. **(FOTO 10)**

Finalmente, a celebración relixiosa complementase cunha dimensión laica ou profana na que os fieis en xeral gozan dun tempo de lecer. Algúns percorren os diferentes postos de venda ambulante, provistos de obxectos diversos, ou beben algo nun bar situado no campo da festa, asistindo a sesión vermú **(FOTO 11)**. Logo, ten lugar o xantar familiar, para á noite achegarse á verbena. Polo tanto, esta romaxe reflicte cara ao exterior unha serie de elementos básicos, como os ritos relixiosos, a comensalía; as relacións de amizade e de parella; a solidariedade comunal e a alegría como factor predominante.

3.6. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS ANTROPOLÓXICAS.

Este santuario mariano revélanos por medio de lendas unha sucesión de eventos ligados có ente sacro, que patentiza a súa presenza nesta comunidade. Hai, por tanto, unha ligazón entre a comunidade e o ser sobrenatural, entre o humano e o sagrado. O seu emprazamento, situado no campo, foi valorado como lugar de culto por medio da lenda. Esta posúe un valor de conformidade que non podería ser discutido sen cuestionar ó mesmo tempo a credibilidade da comunidade. Ademais, o sentido de posesión sobre a imaxe mariana non se fundamenta, dun xeito preferente, no seu valor artístico e pecuniario, senón no poder que posúe por si mesma e para a comunidade propietaria en canto que constitúe un importante símbolo de referencia e identidade. De aí que a imaxe se resista a ser levada fora da comunidade aos lugares de culto xa institucionalizados. En suma, segundo *Honorario Velasco*, a comunidade convértese en testemuña comprometida dunha verdade de fe local¹⁸. **(FOTO 12)**

Por outra banda, o santuario non só manifesta a vivencia da identidade da comunidade na que se localiza, senón tamén o sentido de apertura que lle dá a gran devoción, que sieten

¹⁸ VELASCO, Honorario. “Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”, en *La Religiosidad Popular II. Vida y muerte*. (Coords): C. Álvarez Santaló; María Jesús Buxo; y S. Rodríguez Becerra. Barcelona. Anthropos, pág. 402.

outras comunidades da bisbarra. Este nivel de asistencia débese a sona, que tivo e segue tendo este centro sagrado, debido aos portentos que se difunden entre os devotos. Estes son a manifestación do poder da advocación mariana., que actúa como mediadora ante Deus, chegando a posuír todo o seu poder sobrenatural. De aí, que os fieis teñan coa entidade sacra un importante código comunicativo co que se pretende acadar a súa protección e indulxencia, así como o agradecemento por un favor outorgado. Esta comunicación queda reflectida nunha serie de promesas. Algunhas de carácter oficialista, como, oír misa e participar na procesión. Outras, pola contra, de raíz popular, como, calquera ritual de contacto coa imaxe mariana. **(FOTO 13)**

No obstante, hai devotos que denantes de entrar en contacto coa advocación mariana se purifican realizando actos penitencias propiciadores da graza divina. Así, neste santuario, maniféstanse signos ligados coa penitencia, como vir camiñando dende o lugar de orixe dos devotos ¹⁹. O camiñar constitúe a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal.

Ademais, é mester salientar, como a dimensión sacra do santuario transmítese ao exterior, dun xeito directo, por medio da procesión. Así, tanto a cruz procesional como a imaxe mariana, que saen na mesma, santifican o espazo xeográfico que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a todos os seres que se encontran no mesmo. Respecto á disposición da procesión, hai unha serie de trazos básicos: dentro da comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses. Tamén, cómpre reparar nas imaxe de devoción, no xeito de levala, no pobo que participa e no que mira, así como no espírito da celebración reflectido en cantos, rezos, e mesmo no silencio.

Finalmente, o santuario reflicte unha dobre significación: unha, normativa, referida a compoñentes da orde social e moral; e outra, sensorial, que fai alusión aos procesos que estimulan os desexos e, tamén, as emocións. **(FOTO 14)**

¹⁹ Antano había devotos que subían de xeonllos dende a “Ponte de Muinovo” ata o santuario.

3.7. BIBLIOGRAFÍA.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religiosidad popular*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1981, páx. 7.

BLANCO PRADO, J.M: *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1991.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1996.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Santuarios da Terra Chá*, Vilalba (Lugo); I.E.S.CHA, 2018.

BLANCO PRADO, José Manuel. *A devoción popular nos Santuarios Lucenses (Estudio fotográfico)*, Lugo: Deputación de Lugo, 2023.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*. Santiago, 1982, páx. 6

CUBA, X.R.; MIRANDA, X.; REIGOSA, A. *Diccionario dos seres míticos galegos*, Vigo: Ed. Xerais, 1.999.

DOVAL ADAN, Antonio.: “Cervantes”, en *Galicia, pueblo a pueblo*. Coord. Andrés Precedo Ledo. La Voz de Galicia. Xunta de Galicia. 1993. Santiago de Compostela, páx. 368.

EQUIPO “IR INDO”.: *Galicia en comarcas. Os Ancares e O Courel*, nº 2, Vigo: Ir Indo, La Voz de Galicia, 2005, páx. 105.

FIGUEROA, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). *Autor dos mapas de localización*.

FUENTES ALENDE, Xosé , BOELL, Denis-Michel. :*Exvotos mariñeiros en Bretaña e Galicia e Exvoto marins en Bretagne et Galice*. Ouest France: Carrefour Des Regions d’Europe, 1987.

FUENTES ALENDE, Xosé.: *Os Exvotos na Relixiosidade popular galega. A súa dimensión patrimonial*, Cuntis (Pontevedra): Ed. Andavira, 2019.

FUENTES ALENDE, José.: *Los Exvotops en Galicia. Su significación en la religiosidad popular: De la cera a los cuadros votivos*, Ts. I e II, Pontevedra: Museo de Pontevedra, 2024..

LADRA, Lois.: *Religiosidad Popular e Mitos Fundacionais no Douro Transmontano*, Vila Real (Portugal): Cámara Municipal de Vila Real, Caderno Cultural, nº 24, IV. Serie, páx. 79.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Invitación a la Antropología cultural de España*. Madrid: Akal, 1980.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo. *Antropología social y hermenéutica*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1983, páxs. 60-61.

GONZALEZ REBOREDO, Xosé M. *Guía das Festas Populares de Galicia*. Vigo: Ed. Galaxia, 1997

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M. *Os Santos titulares de parroquias en Galicia*, Santiago: Sotelo Blanco, 2012.

MALDONADO, Luís. “Los Santuarios en la Religiosidad popular”, *en Santuarios del País Vasco y Religiosidad Popular*. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del P.Vasco, Vitoria, 1982.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 13.

MARIÑO FERRO, X.R. *Santuarios mágicos de Galicia*, Vigo: Ed. NigraTrea, 2003.

Maribel.: Enciclopedia Mecabá. [https:// mercaba.org](https://mercaba.org).

MOURE SALGADO, Xabier e CARPENTE LEIRA, Pilar.: Cervantes, un concello con historia, Lugo: Deputación de Lugo, 2019, páxs, 140 e 344.

MOURE, Xabier.: [https:// patrimonio galego.net](https://patrimonio.galego.net).

PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, *en la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

VÁZQUEZ VARELA, José Manuel.: *Etnoarqueología: conocer el pasado por medio del presente*. Pontevedra : Diputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicaciones, 2000.

VÁZQUEZ VARELA, José Manuel e VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Alexandre Luís.: La religiosidad popular de Galicia ante los riesgos naturales, en *Semata: Ciencias sociais e humanidade*, nº 29, 2017,paxs. 301-319.

VELASCO, Honorario. “Las leyendas de hallazgos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”, en *La Religiosidad Popular II. Vida y muerte*. (Coords): C. Álvarez Santaló; María Jesús Buxo; y S. Rodríguez Becerra. Barcelona. Anthropos, páx. 402.

WILLIAM A.CHRISTIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid, Tecnos, 1978, páx. 134.

3.8 ILUSTRACIÓNS.



FOTO 1. SANTUARIO DA VIRXE DOS REMEDIOS DE TARNAS (CERVANTES)



FOTO 2. ADVOCACIÓN MARIANA DOS REMEDIOS



FOTO 3. ORNAMENTACIÓN DUN DOS LADOS DA CABECEIRA DA CAPELA



FOTO 4. INTERIOR DO SANTUARIO



FOTO 5. RITUAL DA PROCESIÓN



FOTO 6. RETORNO DA PROCESIÃO



FOTO 7. RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DA VIRXE.



FOTO 8. OFRENDA DOS VELÓNS (CIRIOS PEQUENOS)



FOTO 9. O PÁRROCO APUNTANDO MISAS DE OFRENDA



FOTO 10. DEVOTA OFRECENDO UN RAMO DE FLORES



FOTO 11. DIMENSIÓN PROFANA. O BAR DA COMISIÓ DE FESTAS



FOTO 12. UNHA DEVOTA OFRECENDO UN VELÓN



FOTO 13. UN CATIVO BICANDO O MANTO DA VIRXE

TARNAS

(cervantes)

**Grandes Fiestas en Honor a la
Virgen de los Remedios**

DÍAS 19 Y 20 DE MAYO 2013

DÍA 19:

21 H. GRAN CHURRASCADA POPULAR

**DÍA 20: MISAS A PARTIR DE LAS 9 DE LA
MAÑANA, MISA MAYOR A LAS 13 H.**

14 H. SESIÓN VERMOUT

DUO

STEREO

23 H. VERBETA

DUO

STEREO

LAGE PRODUCCIONES

RONDA FONTIÑAS 202-LUGO

TEL.FAX: 982985155 MOVIL: 637566210/674603890

FOTO 14. CARTEL DA FESTA RELIXIOSA E PROFANA.